

Instrucións sobre o desenvolvemento de Contratos-programa nas MODALIDADES 1 (REFÓRZA-T) E/OU 9 (PREMAT, PRELIN, PRETEC) no estado de alarma

Á atención do/a director/a do centro:

Ante as numerosas dúbidas xurdidas sobre diferentes cuestións relacionadas con este programa no período de confinamento, trasládanse as seguintes instrucións:

1. O profesorado externo de Contratos-programa está sometido ás mesmas directrices remitidas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos seus comunicados para o resto do profesorado do centro. Nas orientacións publicadas o pasado 17 de abril indícase que ***“Todos os responsables das tarefas educativas, sexan docentes, equipos directivos ou membros das Administracións, extremarán o seu coidado para apoiar aos estudantes e ás súas familias, aos docentes e a todos os membros da comunidade educativa, así como para facer posible o desenvolvemento das súas tarefas respectivas en condicións que promovan o seu benestar.”***

2. En virtude disto, e da autonomía de xestión do centro, este profesorado debe realizar atención telemática ao alumnado beneficiario do programa que desenvolva (REFÓRZA-T, PREMAT, PRELIN, PRETEC), **en coordinación coa persoa titora ou con outros docentes**, evitando a sobrecarga de traballo.

Así mesmo, deberá **informar a persoa coordinadora do programa das tarefas que desenvolve** para asegurar un mellor seguimento das actividades e o seu posterior rexistro na memoria que o/a coordinador/a debe cubrir na aplicación.

Na situación actual, a actuación deste profesorado resulta especialmente relevante para continuar co apoio e reforzo que este alumnado precisa co fin de minimizar o máximo posible as dificultades derivadas da suspensión da actividade académica presencial, especialmente cando non se teña constancia de resposta dese alumnado ás tarefas propostas telematicamente.

Nestes casos, resulta esencial establecer mecanismos para pescudar as causas que motivan esa ausencia de participación nas tarefas propostas e implantar, segundo as posibilidades, medidas que corrixan a situación, co obxectivo de garantir que o proceso de ensino-aprendizaxe transcorra do modo máis axeitado nas circunstancias actuais.

3. Para desenvolver ese labor, este profesorado dispón das ferramentas que a consellería pon a disposición dos centros (aula virtual, abalarMóbil, páxina web do centro, correo electrónico...), en función dos medios tecnolóxicos dispoñibles tanto polo profesorado como polo alumnado, e de todos aqueles recursos que consideren pertinentes e axeitados ás condicións particulares de cada alumno/a, abrindo canles de comunicación co alumnado regularmente.

4. Ante a xustificación diante do Fondo Social Europeo (en diante FSE), deberán gardarse evidencias (pista de auditoría) das diversas vías de contacto co alumnado (correos electrónicos enviados e recibidos, capturas de videoconferencias, imaxes de blogs, actividades realizadas...) co fin de deixar constancia dese seguimento e apoio. **Achégase no adxunto un documento con indicacións ao respecto.**

5. No referente ao **registro da docencia externa na aplicación de Contratos-programa**, a persoa coordinadora debe incorporar na aplicación as horas reais realizadas durante o estado de alarma tanto de docencia como de coordinación, de cara á súa **xustificación diante do FSE.**

Ademais, porase a disposición dos centros na páxina web de Contratos-programa (apartado *Documentación*) unha ficha de rexistro da actividade desenvolvida por este profesorado desde o 16 de marzo, onde se reflectirán as tarefas efectuadas neste período.

Neste mesmo apartado poderán acceder ao resto de documentos relacionados coa xustificación do FSE que terán que cubrir e asinar, entre eles o informe AL 988 ABA-FSE que se obtén de Xade.

6. **A memoria de Contratos-programa** estará aberta na aplicación **do 1 ao 30 de xuño**. Nela deberán reflectir tanto as actividades realizadas como as modificacións sufridas respecto do proxecto inicial concedido, así como a adecuación do proxecto ao estado de alarma.

7. **Contratos-programa remata o 30 de xuño**. Con motivo do mantemento da situación de emerxencia de saúde pública causada polo COVID-19, e a conseguinte suspensión da actividade lectiva presencial desde o pasado 13 de marzo, as medidas e/ou actividades previstas que non se puideran levar a cabo no curso 2019/20 quedarán suspendidas. **A xustificación económica deberá pecharse na mesma data.**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



8. Achégase, igualmente, no adxunto a **Guía de comunicación do FSE** que debe respectar o seu centro pola participación nalgunha destas modalidades, como se recolle no apartado 8.4 da Resolución do 7 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan os contratos-programa para o curso 2019/20.